



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Axencia Galega de Infraestruturas
 Servizo Provincial de Pontevedra

Avda Fernández Ladreda, 43-1º
 36071 PONTEVEDRA
 Tfno.: 886 206507/088 (Expropiacións)
 886 206500
 Fax: 886 206505



1021. NUSE 9192178
galicia

CAMBADOS
 REXISTRO ENTRADA
 2018-E-RC-829
 09/02/2018 09:59



Concello de Cambados
 Pz do Concello, núm 1
 36630 Cambados-Pontevedra

CONVOCATORIA FORMALIZACIÓN DAS ACTAS DE OCUPACIÓN

EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA

Obra: PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DO ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-300, VILARIÑO-POLIGONO DO SALNÉS. P.Q.9+310 AO 10+270, NOS CONCELLOS DE CAMBADOS e RIBADUMIA.

Clave: PO/16/062.06

TERMO MUNICIPAL: CAMBADOS

FINCA/S: 002

O Servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, en base ás competencias que lle confire o artigo 98 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954, resolveu sinalar a data para proceder ao levantamento de actas de ocupación do expediente que se indica na cabeceira.

O pagamento do importe do depósito previo pola expropiación realizarase, con carácter previo ao levantamento da citada acta, mediante transferencia bancaria ás persoas que figuren como propietarios da finca e bens ou dereitos, en cumprimento do disposto no Art. 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de Abril de 1957. O dito importe consignarase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia en Pontevedra, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957 nos seguintes casos:

- Que non quedase acreditada a titularidade da finca
- Que non se aportara a documentación requirida para o pagamento do depósito previo.

En cumprimento do disposto nos artigos 52 e 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957, convócaselle a vostede como propietario da finca indicada na cabeceira para a formalización da acta de ocupación.

- Lugar: Casa do Concello de Ribadumia
- Data: 12 de marzo de 2018
- Hora: de 10:00 a 10.15 horas

Ao dito acto deberán acudir os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado co seu DNI. En caso de representación, se acreditará mediante poder outorgado ante notario, xa sexa un poder xeral ou específico para este acto.

No suposto de cambio na titularidade da finca, que figura na acta previa, deberán achegar documentación que acredite dita transmisión e DNI do novo titular. Cando a transmisión se derive da sucesión por falecemento, nos dereitos derivados do expediente expropiatorio:

- Copia de certificado de defunción.
- Copia do certificado de últimas vontades.
- Testamento ou no seu defecto declaración de herdeiros.
- Escrituras de partición da herdanza, de terse realizado, co cupo e identificación da finca expropiada
- DNI de tódolos herdeiros

O receptor desta comunicación deberá poñelo en coñecemento de calquera outro propietario da finca.

Pontevedra a 6 de febreiro de 2018

O XEFE DO SERVIZO

FAUSTO NUÑEZ VILAR